

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019670	IES do Castro	Vigo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	2º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	8
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	11

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 2º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no 2º curso de ESO do IES O Castro en Vigo. A materia de Proxecto Competencial impártese en 4 grupos de 22, 12, 14 e 16 alumnos/as, tres deles con protocolo aberto de TDAH.

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Descubrinto a nosa contorna". Trátase de que o alumnado desenvolva o interese pola súa vila e os distintos aspectos do seu patrimonio, historia e cultura. Traballaremos sobre a historia de Vigo no primeiro trimestre, sobre as festas e tradicións no segundo e finalmente sobre Vigo na actualidade, sobre a súa proxección no exterior e os retos que terá que afrontar no futuro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Descubrinto a nosa contorna	Partindo dos coñecementos previos do alumnado imos pescudar sobre as datas históricas máis importantes da cidade de Vigo.	25	11	X		
2	Festas, tradicións e lendas	Neste trimestre centrarémonos nas festas e nas tradicións, coma son o San Brais, o Entroido ou a festa da Reconquista.	35	13		X	
3	Vigo hoxe	Centrándonos na actualidade da nosa vila interéstanos coñecer cales son os motores económicos da vila, como é percibida ao noso redor e cales son os retos aos que se enfrenta no futuro.	40	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Descubrinto a nosa contorna	11

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia do patrimonio local.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a elaboración de presentacións orais.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Festas, tradicións e lendas	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Vigo hoxe	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentación axeitada do produto final.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O fío conductor do curso será levar a cabo un proxecto centrado no coñecemento da contorna de Vigo. Comezaremos cunha vista ao pasado na primeira avaliación, investigando datas claves na historia da cidade e dos seus arredores, que poñan en contexto a situación actual da cidade. Pasaremos a unha revisión das súas lendas e tradicións, das que algunhas aínda se manteñen na actualidade, durante o segundo trimestre. No terceiro, achegarémonos ao Vigo actual e pescudaremos sobre que dirección está a tomar a cidade e a súa contorna cara os vindeiros anos.

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento. A finalidade é fomentar o interese pola lectura, a cultura e a arte e desenvolver a confianza, autoestima, autonomía e traballo en equipo. O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, como se anticipou, traballaremos sobre o pasado de Vigo. Cada un dos grupos terá que buscar información sobre unha data que se lles proporcionará e realizar un pequeno proxecto, que se integrará no proxecto final, sobre elas. Propondremos unha saída para coñecer os xacementos e túneis do Castro, que se atopan a escasos minutos do noso centro educativo. Esta saída terá tamén unha actividade vinculada.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, levarase a cabo a unha viaxe polas costumes, lendas e tradicións viguesas. Cada grupo recibirá información dalgunha delas e terá que elaborar outro pequeno proxecto. Proporase outra saída pola cidade ou a súa contorna que tamén terá unha actividade avaliable asociada.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado, cos coñecementos previos adquiridos sobre o pasado da cidade e a contorna e tamén sobre as súas costumes, indagará sobre o funcionamento da cidade na actualidade e sobre os plans e proxectos de futuro que esta alberga, realizando outro pequeno proxecto. Estas tres partes, como se dixo, quedarán ben integradas nun proxecto final. Tamén se realizará unha saída de semellantes características ás dúas anteriores, avaliando o seu aproveitamento por medio dunha actividade.

Terán liberdade no emprego de materiais e modelos, dándolle a máxima difusión. O proxecto poderá ser difundido nunha breve presentación polo centro.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes materias:

- Matemáticas (xeometría, cálculo de superficies...).
- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...).
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...).
- Xeografía e Historia (espazos e lugares da contorna, historias e lendas...).
- Educación en Valores Cívicos e Éticos (comportamento social, respecto á cultura propia...).
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto).
- Música e Danza.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador.
Artigos e produtos reutilizables (bolsas, recipientes, botes...).
Pegamentos, colas.

Sprays, pinturas.

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

Parte das sesións serán levadas a cabo na aula de informática onde os grupos buscarán a información correspondente e comezarán a redactar as súas propostas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, traballamos o concepto das competencias clave. Tamén fixemos un cuestionario inicial para saber se tiñan coñecementos previos sobre os temas que imos tratar. Que coñecían de Vigo en canto a monumentos, museos e parques. Que sabían da historia de Vigo así como que lles gustaría coñecer.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	35	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Traballo en equipo. Pescudar información sobre as datas históricas máis importantes da historia de Vigo. Presentación oral e cuestionario na AV sobre unha visita realizada á fortaleza e ao xacemento do Castro.

- SEGUNDA AVALIACIÓN: Traballo en equipo. Investigación sobre diferentes festas e tradicións. Presentación oral e cuestionario na AV

- TERCEIRA AVALIACIÓN: Traballo en equipo. Investigación sobre a economía e os sectores económicos e culturais da vila. Presentación oral e cuestionario na AV

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo e realización de tarefas individuais, presentación. En cada avaliación tamén responderán a un cuestionario na AV.

Xa que a maioría das tarefas realizaranse durante as sesións de clase e serán en grupo, un 20 % da nota de cada avaliación virá dada polo seu traballo individual e dentro do grupo, a súa actitude cara a materia, a súa participación, Respeto cara os seus compañeiros e cara ao profesor.

O 80% restante resultará da media aritmética das tarefas realizadas en cada trimestre.

A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non hai ninguén con esta materia pendente

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns como son as seguintes: as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madurez, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural. Isto dará lugar á utilización de diversos mecanismos de apoio e reforzo. Para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais. Enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Rexerase polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia e participación de toda a comunidade educativa.

Abrangue a totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais. As accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario.

Enténdese como medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

Para os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas actividades de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

Do entre os estudantes que forman parte da materia 3 teñen pertencen ao grupo de ACNEAE, presentando un diagnóstico de TDAH.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X		
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X		X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X		X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.4 - Competencia Dixital	X		X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X	
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico		X	
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade		X	

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1ª saída: Visita aos xacementos e tuneis do castro.	Saída para coñecer esta parte da historia de Vigo.	X		
2ª saída: Visita a un novo lugar relevante da nosa contorna, en relación cas súas lendas e tradicións.	Saída para ampliar o coñecemento das lendas e tradicións da contorna.		X	
3ª saída: Visita a outro lugar relevante da contorna, enmarcado no coñecemento do Vigo actual.	Saída para coñecer a situación actual da cidade.			X

Observacións:

As saídas correspondentes ao 2º e 3º trimestre aínda están por concretar e actualizaranse na revisión da programación.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Participación activa de todo o alumnado.
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do docente, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

O propio seguimento da programación será realizado en Proens cando menos, unha vez ao mes, tal e como se reflicte na normativa. Como esta materia non está adscrita a ningún departamento, deixarase constancia desta revisión nas reunións que realizarán de maneira periódica os dous profesores na materia. A final de curso, deixarase constancia disto na última acta da reunión dos departamentos aos que pertence o profesorado desta materia (Francés e Matemáticas).

9. Outros apartados